



Sr. Presidente

Confederación Hidrográfica do Miño-Sil  
Ourense

Sr. Presidente,

Á vista das últimas noticias relativas á potenciación do sector agrario na Limia con fortes investimentos públicos, desde SGHN desexamos expoñerlle unhas puntualizacións e reflexións.

É ben coñecido que a nosa entidade leva anos alertando dos problemas ambientais e sanitarios da Limia debido á sobreexplotación dos acuíferos e ao incremento exponencial de explotacións gandeiras intensivas sen base territorial coa súa incidencia sobre a calidade das augas, problemas ambos que inciden directamente na dispoñibilidade e calidade das augas na comarca e, por extensión, na conca do río Limia.

Si se recoñece que a Limia é unha das comarcas con maior produción agraria de Galicia, tamén hai que recoñecer a súa importancia ambiental. A dispoñibilidade de auga de calidade, ademais dun dereito fundamental das persoas, xoga un papel esencial na conservación dos anacos que aínda perviven do que foi unha das zonas húmidas máis importantes da península. Hoxe estes valores están protexidos pola ZEPA da Limia, a ZEC Veigas de Ponteliñares, a Reserva da Biosfera Terras de Allariz e pola presenza de especies endémicas e ameazadas tanto a nivel galego (*Vanellus vanellus*), español (*Gallinago gallinago*) e mundial (*Eryngium viviparum*). Así pois, calquera plan de desenvolvemento económico agrícola, gandeiro ou industrial que se propoña e aprobe debe ter en conta ineludiblemente unha serie de requisitos ambientais e debe de ser compatible con estes valores ambientais e coa normativa vixente, ademais de non comprometer o desenvolvemento doutras actividades económicas factibles como poden ser as turísticas ou recreativas, ata a gandería extensiva con base territorial ou a produción agrícola non intensiva.

Por outra banda, en canto ao regadío e aos novos pozos, ao longo dos últimos anos proliferan actividades extractivas que afectan tanto ao caudal ecolóxico dos cursos fluviais, que secan nos meses de verán dende hai máis de 20 anos, como á dispoñibilidade de auga para outras finalidades a medida que descende o nivel freático. Como mostra da situación achegámoslle a última comunicación que se enviou á CHMS en relación precisamente cós pozos que se atopan por todas as partes a fin de ir coñecendo o caudal legal concedido a cada actividade extractiva.

Respecto da "limpeza" das canles, basta xa de deturpar a linguaxe: non falen de limpeza cando se refiren (como xa comprobamos en numerosas ocasións) á eliminación masiva da necesaria vexetación natural que se desenvolve nestas zonas e reserven o termo de limpeza para a súa verdadeira acepción referida á retirada de residuos, máis nunha comarca con enormes problemas de xestión dos mesmos. Por certo, a vexetación que se pretende eliminar xoga un importante papel nos procesos naturais de depuración das augas e contribúe a mellora da calidade das mesmas, cuestión de grande importancia hoxe na Limia.

Téñase en conta, ademais, que o problema hidrolóxico actual na Limia é moito máis extenso e complexo de abordar e, con total seguridade, non se vai a solucionar coas actuacións que preconizan. Antes ben, deben poñerse outras medidas sobre a mesa, empezando hoxe mesmo, por exemplo, por unha moratoria de novas granxas en toda a bacía do Limia, pola correcta xestión dos residuos gandeiros e a regulación real e efectiva do consumo de auga no sector agro-gandeiro. Isto sen esquecer:

- a elaboración dun axeitado estudo hidrolóxico para avaliar a reserva real de auga, valorando a dispoñibilidade do recurso especialmente nos meses estivais, a demanda actual (poboacións, regadíos e granxas existentes, caudal ecolóxico) e a capacidade para cubrir estas novas instalacións, e
- a aprobación do Plan de Desenvolvemento sostible previsto no Decreto 411/2009 e aínda pendente a data de hoxe, 10 anos despois de rematado o prazo legal establecido.



## Sociedade Galega de Historia Natural

*Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego*

### Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: [sghn@sghn.org](mailto:sghn@sghn.org)

2 / 2

Xa que se fala de resiliencia, recordámoslle que as zonas húmidas son ecosistemas básicos en relación coa fixación de carbono e que a súa recuperación, neste caso a recuperación parcial da lagoa de Antela, é vital para facer fronte á emerxencia climática e para a regulación dos ciclos hidrolóxicos, regulación moi necesaria na comarca como se comproba ano tras ano. Si antes dicíamos que calquera plan de desenvolvemento económico debe ser compatible cos valores ambientais, agora tamén temos que dicir que calquera proxecto de recuperación ambiental debe ser compatible coas actividades económicas produtivas e sostibles, por último recordámoslles que desde a nosa entidade levamos anos traballando nesta liña demostrando, na medida dos nosos limitados medios, que outra Limia é posible e estamos convencidos de que este noso lema é perfectamente asumible desde as diferentes administracións, institucións, xestores e órganos de decisión política que hoxe alardean e felicítanse por estas promesas de investimentos millonarias no ámbito agro-gandeiro da Limia.

Por último, SGHN desexa preguntarlle cal é, en concreto, o seu compromiso ambiental, e o da institución na que traballa, coa comarca da Limia no marco da potenciación do sector agro-gandeiro?

En Santiago de Compostela a 3 de agosto de 2021

Serafín González Prieto

Presidente de SGHN